

PROPOSTAS DIDÁCTICAS 8 MARZO



A través desta serie de actividades que presentamos, pretendemos que todo o alumnado, dende os máis pequenos ata os maiores, analicen as desigualdades que existen entre homes e mulleres e que, dende a educación, adquiren un espírito crítico ante esta desigualdade, así como que a igualdade sexa o eixe principal nas súas relacións

ACTIVIDADES DE 15 A 18 ANOS Invisibilidade de xénero

O alumnado divídese en parellas. Estas parellas deben estar formadas, na medida do posible, por un rapaz e unha rapaza, xa que isto beneficiará o punto de vista crítico de cada grupo. Proxectaranse na clase os dous seguintes vídeos para fixar o punto de partida do traballo de investigación que terán que realizar despois.

<https://www.youtube.com/watch?v=l7EYJ266ekk>
Fighting Discrimination: Gender Equality in the Workplace
<https://www.youtube.com/watch?v=mpE8ttCEd-w>
Why are women paid less than men?

As parellas deberán realizar a primeira busca de información sobre os traballos desenvolvidos tradicionalmente por mulleres no noso país e tentarán establecer a relación coa desigualdade laboral entre xéneros. Anotarán a información atopada na súa folla de rexistro.

Esta información deberán completala coa busca de aqueles gremios ou profesións máis discriminatorios á hora do desenvolvemento profesional da muller. Elaborarán unha táboa de estatística coas profesións que reflicten máis discriminación e os motivos.

Finalmente levarán a cabo unha investigación sobre a brecha salarial e a falta de altos cargos desempeñados por mulleres no noso país.

Produto final: Deberán gravar un corto a modo de documental, no que aparecerán como presentadores e presentadoras dun programa de televisión, sobre a discriminación laboral de xénero. O corto debe ofrecer cifras e datos concretos que obteñan na súa investigación en internet, así como ser ilustrativo e orixinal.

Algunhas das aplicacións gratuítas para a gravación e edición dos vídeos no ámbito educativo aparecen no seguinte enlace:

<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/apps-para-grabar-desde-telefono/>

Esta proposta didáctica pódese realizar de forma interdisciplinar e dende diferentes materias, tales como Iniciación á actividade emprendedora e empresarial, cidadanía, valores éticos, lingua e literatura, inglés ou francés.

Temporalización: Serán necesarias tres sesións presenciais na aula, nas que o profesorado axudará ao alumnado na busca de información e webs de interese. O gravado do documental farase fóra da aula, para posteriormente visualizalo na aula con todo o grupo. Daráselle difusión a través das distintas canles dispoñibles no centro.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

Elaboración dun glosario feminista

Actividade en pequeno grupo, a través da busca de imaxes e definicións das palabras acordadas para realizar o glosario. Actividade **participativa** que busca o diálogo crítico dos seus integrantes e a busca activa de información a través de diferentes canais.

A **linguaxe** é un factor clave na socialización porque transmite o que sentimos, o que pensamos, o que somos... as nosas actitudes, as nosas crenzas. A linguaxe non inclusiva, a linguaxe machista, pode parecer aparentemente inofensivo, pero garda no seu interior unha clara invisibilización do feminino; a linguaxe masculina non é neutra (aínda que hai quen se empeña en manter que representa ás mulleres); o seu uso xenérico favorece que a muller siga relegada a un segundo plano, tolerámolo e normalizámolo cando non alzamos a voz para que se nos nomee.

Igual de importante é coñecer o significado de palabras que usamos tan habitualmente na **loita feminista**, como son patriarcado, empoderamento, sororidade, ... e é por elo que na elaboración desta actividade se elixirán por consenso unha serie de palabras neste sentido, para elaborar un glosario feminista nun **díptico** que pode ir acompañado de imaxes que podemos buscar a través de internet. Consiste a actividade na **elaboración** dun **glosario feminista** con algunhas palabras que na actualidade se escoitan tan habitualmente e das que, en ocasións, non se coñece ben o seu significado.

